

EGAP CONVOCATORIA CURSOS: LINGUAXE ADMINISTRATIVA E XURÍDICA GALEGA

Santiago de Compostela 30/01/25

Publicada a [Resolución do 22 de xaneiro de 2025 pola que se convocan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galega para o persoal ao servizo das distintas administracións da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.](#)

Convócanse os cursos, cuxas bases, características e contidos se detallan no anexo á resolución.

Requisitos das persoas participantes:

Poderá participar:

- O persoal ao servizo da:
 - Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Entidades públicas instrumentais
 - Administración institucional
 - Administración de xustiza
 - Entidades locais de Galicia
 - Persoal de administración e servizo (PAS) das universidades do SUG.
- Que se encontre en:
 - Situación de servizo activo (incluído o persoal queu teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral)
- Está exceptuado:
 - Persoal docente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
 - Persoal das escalas dos corpos da policía e bombeiros de Galicia.
 - Persoal do Servizo Galego de Saúde, non entendendo por tal, o persoal empregado público da escala de saúde pública e Administración sanitaria da Lei 17/1989.

Solicitudes e prazos

- **Prazo solicitudes: dende as 9:00hs do 31 de xaneiro ata as 14:00hs do 7 de febreiro.**
- Solicitudes **só** a través de: <https://egap.xunta.gal/matricula>
- **Cada persoa só poderá solicitar 1 dos cursos**
- Información para dúbidas e dificultades técnicas:
 - Teléfonos: 981 54 62 57 // 981 54 62 54 // 982 54 63 35
 - Horario: 9:00 ás 14:00
 - Xestion.egap@xunta.gal

